Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*



O PRIMEIRO DE XULLO DE 1790 ESTALOU NA FEIRA DE MONTERROSO A PRINCIPAL REVOLTA ANTIFISCAL DO ANTIGO RÉXIME. O SEÑOR DE PODENTE, DON MANUEL BERNARDO DE RIVERA, FOI O INSTIGADOR DOS MOTÍNS QUE SE ESPALLARON POR MEDIA GALICIA

VIVA O REI! VIVA A ULLOA! MORRA A ÚNICA!

/FERNANDO SALGADO

Entre xullo e novembro de 1790, mentres Francia ardía nas fogueiras da revolución e o exército español se concentraba na fronteira para evitar o contaxio, produciuse en Galicia a principal revolta antifiscal do Antigo Réxime. Ao berro de «Viva o Rei! Viva A Ulloa! Morra a Única!», miles de labregos –«gentes forajidas», diría o diputado xeral do reino–, organizados e financiados por misteriosas mans fidalgas, asaltaban e desfacían as principais feiras do país, impedían a exacción de contribucións reais, maltrataban os alcabaleiros, abrían os cárceres e despois plantábanlles lume, anulaban contratos de compravenda e sementaban o terror. A sublevación tivo a súa orixe na feira de Monterroso, que daquela –como hoxe– se celebraba o primeiro día de cada mes na parroquia de San Miguel de Esporiz, e foi promovida por don Manuel Bernardo de Rivera Sotomayor, un fidalgo de case 80 anos de idade

Historias:
Viva o Rei! Viva A Ulloa!
Morra a Única!

que gobernaba os seus extensos bens e administraba cuantiosas rendas desde o seu pazo de Podente.

Paga a pena, antes de relatar os feitos acaecidos na Ulloa que prenderon a mecha da revolta, describir o lugar e o contexto no que se produciron, así como perfilar a figura do seu motor principal.

RENDAS E TRIBUTOS NA PARROQUIA DE ESPORIZ[1]

A mediados do século XVIII, a freguesía de San Miguel de Esporiz contaba con 20 veciños –151 almas–, pero de distinta clase e condición. Dous eran fidalgos de avoengo, residían en pazos brasonados coas armas dos Salgado e dos Rivera, e vivían das rendas xeradas nos seus vastos dominios: dona María Francisca de Prado y Ulloa, viúva de don Antonio Salgado, que rexentaba o pazo da Laxe, e don Manuel Bernardo de Rivera Sotomaior, señor de Podente. Os 18 restantes pertencían ao «estado llano», dedicábanse á agricultura e ningún deles posuía a propiedade plena dos seus eidos: á parte dos caseiros e criados das dúas casas grandes, todos sen excepción pagaban avultadas rendas polas terras que tiñan aforadas. Ademáis deses 20 veciños ou cabezas de familia, había tamén unha pobre de solemnidade, Juana García, e o cura don José Vázquez Quiroga, veciño da freguesía de Pol.

As 24 casas da parroquia agrupábanse en tres núcleos de poboación: a aldea de Esporiz, na contorna da igrexa parroquial; a de Podente, que xiraba na órbita do pazo dos Rivera, e o lugar da Laxe, que agromou á sombra do pazo dos Salgado. Todas as familias vivían do campo, cultivaban centeo sobre todo (ademais de millo, nabos, produtos de horta e algún liño), dispuñan de seis cabezas de vacún por termo medio –a media de toda Galicia era de 3,25 na época– e ningunha se ocupaba, nin sequera esporadicamente, nas manufacturas. Amais da actividade agraria, tres labradores facían de arrieiros dous meses ao ano, outro exercía de zapateiro durante un mes e había dous aprendices de xastres e un de carpinteiro, a tempo parcial os tres. A principal «industria» que singularizaba esa cativa parroquia era a feira que desde

[1] A descripción da parroquia de San Miguel de Esporiz, así como a relación de rendas e tributos que pagaban os seus veciños, está feita a partir da información facilitada polo Catastro de Ensenada.

tempos inmemoriais[2] se celebraba, todos os días primeiros de mes, nun terreo estéril e inzado de penedos cedido pola familia Salgado, dona do pazo da Laxe, a cambio dos dereitos de asento que axustaba con cada mercador. Foi nese campo, arredor do cal emerxería co tempo a vila de Monterroso, onde ía estourar a revolta antifiscal de 1790.

No momento da elaboración do Catastro de Ensenada[3], máis do 40% de todo o que producían as 18 familias labregas de Esporiz destinábano ao pago de rendas e tributos. Un excedente agrario, estimado en máis de 4.300 reais de vellón, do que se apropiaban nobres, fidalgos e clérigos, e que os labradores abonaban en especie na súa maior parte –fundamentalmente, centeo, pero tamén pezas de carne «viva ou morta»– e unha pequena parte en diñeiro.

Do monllo de exaccións que zugaban o excedente campesiño, as rendas da terra constituían a carga máis pesada. Os labradores de Esporiz, mais outros dous de San Breixo e de Bidouredo que tiñan terreos aforados naquela parroquia, carretaban cara ás tullas e despensas dos titulares do dominio directo 848 ferrados de centeo, 51 capóns, catro carneiros, un cabrito, un porco cebado e 20 ovos. O valor deses produtos, segundo os prezos declarados no catastro, ascendía daquela a 3.176 reais de vellón, case un terzo da riqueza xerada na parroquia. Cobraban esas rendas 17 nobres e fidalgos –desde os marqueses de San Miguel de Penas e de Viance ata o conde de Borraxeiros ou mesmo unha relixiosa do mosteiro compostelán de San Paio– que residían fóra da parroquia, coa excepción dos dous principais: o señor de Podente, a quen os seus veciños lle entregaban cada ano 227 ferrados de centeo, 16 capóns e tres carneiros, e a señora da Laxe, segunda no escalafón, que percibía 149 ferrados de centeo e dez capóns. Non se inclúen nesas cantidades os froitos dos bens que, en réxime de parcería, compartían os dous fidalgos cos seus caseiros e criados.

A segunda samesuga do excedente agrario eran os dezmos, un gravame de orixe eclesiástica que, no caso da freguesía de Esporiz, percibían, a partes iguais, o cura párroco e o marqués de San Miguel de Penas. Cobraban entre ambos os dous a décima parte de todos os froitos recollidos na parro-

quia, incluídos años, cabritos e leitóns, ademais dun polo por cada casa –criase moitos ou poucos– e dun real por cada becerro ou becerra que nacese. En total, froitos e carnes estimados en mil reais de vellón, equivalentes a 286 ferrados de pan.

Á Igrexa ían parar tamén outros dous tributos de orixe medieval: a primicia e o voto de Santiago. En concepto de primicia (tradicionalmente, a ofrenda que se lle facía á divinidade dos primeiros froitos da colleita) pagaba cada casa de Esporiz un ferrado de centeo á fábrica da súa igrexa parroquial. O voto de Santiago, principal fonte de recursos das institucións xacobeas –arcebispo de Compostela, cabido e capela de música da catedral, Hospital Real–, supuña un desembolso adicional de medio ferrado de pan por veciño. Ambos os dous impostos significaban para a parroquia unha exacción de máis de 22 ferrados de centeo, valorados en 92 reais.

Por razón de señorío e vasalaxe recadaba o conde de Monterrei, a cuxo dominio pertencían tanto a xurisdición de Monterroso como a da Ulloa, medio real por veciño. Ademais, cada vez que morría un cabeza de familia, os seus herdeiros debían abonarlle ao conde o dereito de loitosa, unha sorte de imposto de sucesións que séculos atrás significaba a entrega do mellor animal cuadrúpedo da propiedade do defunto. A mediados do século XVIII, desa carga medieval só quedaba un vestixio que, en Esporiz, satisfacíase en diñeiro: 16 reais de vellón no caso de familias de «maior caudal», oito reais nas de medianos recursos e catro nas máis pobres. Os dereitos de señorío e loitosa ascendían na freguesía, «un ano con outro», a uns 16 reais.

Nas xurisdicións de señorío, como eran as de Monterroso e da Ulloa, o rei só recollía as frangullas dese complexo e gravoso sistema impositivo. Do conxunto das chamadas rendas provinciais destinadas a fornecer a Facenda real –tercias reais, alcabalas e centos, millóns ou sisas, servizo ordinario e servizo extraordinario–, os veciños de Esporiz só pagaban 57 reais e 30 maravedís en concepto de servizo ordinario e satisfacían o dereito de sisa mediante o arrendamento da única taberna existente na freguesía. Non era polo tanto o rei quen zugaba o excedente agrario e, non obstante, foron

[2] Un documento do mosteiro de Oseira, exhumado por María Xosé Gómez Alvite, demostra que a feira de Monterroso xa existía en 1557. Cfr. Gómez Alvite (2010).

[3] Ano 1752 no caso de Esporiz.

as contribucións reais –a Única–, e non as cargas señoriais, as que desatarían os motíns de 1790 case catro décadas despois. Como se explica ese feito?

Sucedeu que ese cadro fiscal, debuxado no Catastro de Ensenada, experimentou mudanzas relevantes na segunda metade do século. O propio catastro, unha xigantesca e pormenorizada radiografía da riqueza e a estrutura socioeconómica da coroa de Castela –incluídas as máis de 3.500 freguesías das sete provincias galegas–, tiña por obxecto servir de base estatística para substituír o complicado enxamio de rendas provinciais por un só imposto: a Única Contribución. E aínda que esta nunca chegou a ser implantada, os intentos reformistas da Facenda real nos reinados de Carlos III e Carlos IV, que dalgunha maneira podaban os privilexios de nobres, frades e fidalgos, foron combatidos baixo a consigna xenérica de «¡Morra a Única!».

As reformas emprendidas mancaban os señores da terra laicos e eclesiásticos. Primeiro, o establecemento dos froitos civís en 1785, un imposto directo que gravaba cun tipo impositivo do 5% a riqueza e as rendas da terra que acugulaban o pazo, o mosteiro e a igrexa. A Facenda real esixía unha tallada máis grande no reparto do excedente e para isto acudía directamente, por primeira vez, á nutrida tulla do amo, quen ademais atopaba dificultades para repercutir a nova carga no lombo dos labradores, polo menos mentres permanecesen vixentes as rendas estipuladas nos contratos de foro ou arrendamento.

Despois veu a reforma das rendas provinciais, que engadía dous motivos de crispación: subía a contribución e os funcionarios do rei asumían directamente a súa cobranza. Como remate, impóñense exaccións tributarias nas numerosas feiras que no século XVIII se multiplican como fungos polo territorio galego, incluso naquelas que gozaban tradicionalmente da condición de francas e libres de dereitos. Esa foi, se non a causa última, o detonante da revolta. A rebelión principiou en Monterroso, nunha das principais feiras de gando de Galicia, e a mecha prendeuna o señor de Podente.

O SEÑOR DE PODENTE

Desde que o clérigo Antonio Salgado Gundín fundou o morgado e vínculo en 1561 ata que o indiano José Santalla Vázquez mercou a propiedade en 1925, a historia do señorío de Podente está vinculada a tres apelidos fidalgos de avoengo: os Salgado, os Rivera e os Mosquera. O primeiro herdeiro foi o capitán don Paio Salgado Gundín, fillo natural do fundador e de Inés Fernández, quen recibiu do seu pai o señorío «con todas sus casas, palacios, heredades y huertas, prados y chousas y todo el lugar anexo... así como seiscientas fanegas de pan y otros tantos cañados de vino»[4]. A don Paio sucedeuno a súa filla dona Inés Salgado Gundín, quen casou con don Álvaro de Rivera, alguacil maior do reino e ponla dunha destacada lixañe con raíces na zona de Mugardos. A partir dese momento e ata 1827, o señor de Podente levará sempre o apelido Rivera e o morgado acada neses dous séculos o seu máximo esplendor.

Cando o subdelegado do rei Andrés José de Castro acode a Esporiz para confeccionar o catastro, o señor de Podente xa é don Manuel Bernardo de Rivera Sotomaior. Casado con dona María Manuela Taboada, coa que ten sete fillos, o fidalgo conta 36 anos de idade[5] e hai xa 12 que o seu pai, Francisco de Rivera, lle cedera «todos los bienes y rentas y servicios y derechuras pertenecientes a los vínculos de esta casa», reservándose unicamente o proxenitor, «para los alimentos por los días de su vida», unha renda de 150 fanegas –750 ferrados– de centeo[6].

Don Manuel Bernardo de Rivera é dono do cinco casas en Podente, dúas capelas –unha, no pazo; a outra, anexa á igrexa parroquial de Esporiz[7]–, dispón de cinco criados e catro criadas para traballaren a propiedade que arrodea o pazo –uns 160 ferrados de terra– e ten na corte catro bois, un xato e unha mula de montar. Mais todo iso é *peccata minuta* que non reflicte en absoluto o poder dos Rivera bautizados en Esporiz, unha linaxe que gozou de gran predicamento e influencia[8]. Máis representativa dese poderío paréceme a enorme tulla de pedra, que aínda se conserva, onde se gardaba o centeo que pagaban os foreiros. Moitos anos despois, en 1842 concretamente, cando xa a casa iniciara o declive e

[4] Cifr. Yebra de Ares (1987), páx. 109

[5] Se en 1752 tiña 36 anos, durante os motíns de 1790 tería 74 anos e non preto de 80, como el mesmo asegura en varios documentos.

[6] Escritura otorgada por Francisco de Rivera o 28 de xullo de 1740. Arquivo Casa Santalla.

[7] Nesta capela, hoxe derruída, atopábanse os sartegos de Antonio Salgado Gundín –o fundador do morgado–, Paio Salgado e Juan Salgado Gundín, actualmente no Museo Provincial de Lugo.

[8] Dous señores de Podente foron reitores de universidade: o avó de Manuel Bernardo, don Carlos de Rivera y Losada, da Universidade de Salamanca en 1708; o seu fillo Andrés Rivera Taboada habíao ser, ademais de cóengo lectoral da catedral, reitor da de Santiago.

os señores xa non vivían nela, o administrador do pazo de Podente contabilizaba estas rendas: 2.884 ferrados de centeo (576,8 fanegas), 18 ferrados de trigo, un ferrado e medio de castañas secas, 105 capóns, 18 carneiros, 11 galiñas, 32 canados de viño, 5,5 ducias de anguilas, tres touciños e 444 reais en diñeiro. Case que 18.000 reais ao ano[9].

O ESTOURIDO DA REVOLTA: PRIMEIRO DE XULLO DE 1790

Fervía co xentío o campo da feira de Monterroso, onte e hoxe emprazado no lugar da Laxe, parroquia de San Miguel de Esporiz, na véspera do primeiro de xullo de 1790. Labregos ulloáns sen facenda propia, caseiros e criados de casas grandes, tratantes de gando chegados de tras os montes por camiños e lameiros intransitables, traxinantes de panos cos seus toldos, taberneiros, pulpeiras do Carballiño, arrieiros maragatos, charlatáns, mendigos ulcerosos e xograres cegos, tomaban posicións e ocupaban o terreo estéril e inzado de penedos que a familia Salgado, dona do pazo da Laxe, cedera en tempos inmemoriais para o feiral.

Madrugaran tamén os dependentes de rendas chegados de Lugo e xa estableceran, no recanto máis estratéxico, o seu posto de cobranza de dereitos reais: unha mesa e uns tallos, unha cruz e unha romana para pesar os produtos que ían seren comercializados. Propúñanse os funcionarios, co apoio do xuíz e outras autoridades que nomeaba o conde de Monterrei, cobrar en diñeiro o 2% de todas as transacións que se efectuaran, desde a venda dun xato, dun porco ou dunha mula ata os froitos miúdos que as mulleres transportaban nos seus cestos, para recadar para a Facenda do rei os 12.000 reais nos que fora axustado o encabezamento[10]. Nunca tal se vira. Era a primeira vez que os odiados alcabaleiros aparecían en Monterroso. A feira era franca desde o seu nacemento e ninguén pagaba directamente un can á Facenda real, aínda que si ás dúas casas fidalgas da parroquia: o pazo da Laxe e o pazo de Podente.

O señor da Laxe percibía os dereitos de asento, o que seica lle reportaba a mediados do século XVIII, segundo o

estimou o Catastro de Ensenada, non máis de 150 reais de vellón anuais. O señor de Podente, pola súa banda, usufrutuaba os dereitos de peso e a sisa do viño, arrendados polos veciños, dereitos dos que agora quedaba desposuído pola implantación da nova contribución, que xestionaban directamente os administradores do rei. A perda non debía ser pequena, como demostra o seu intento de negociar o encabezado da feira: ofreceu 7.000 reais á Facenda real a cambio de manter aquel usufruto. Non o conseguiu, o señor de Podente encabuxouse e advertiulles aos veciños que «con los pesos y sisas de la taberna de la feligresía de Esporiz no se le habían de entrometer, por ser propios y privativos suyos»[11]. O que veu despois demostra que o fidalgo non falaba a fume de carozo.

Entre lusco e fusco do 30 de xuño, furando entre a rea de homes e bestas que xa se arremuiñaban para a feira do día seguinte, irrompeu no campo unha curiosa procesión: mostra de poder máis que manifestación reivindicativa. Un cruceiro de madeira presidía a procesión que encabezaba, erguido na súa mula e con preto de 80 anos ao lombo, don Manuel Bernardo de Rivera e Sotomaior. Segundo unha testemuña, presentouse o señor de Podente «con muchos vecinos de la feligresía de Esporiz y que traían la figura de una cruz de madera y una romana, la que intentaban poner en el sitio que lo estaban los pesos de la jurisdicción, de los que siempre se usó en los días de feria y víspera». Opúxose o xuíz da xurisdición de Monterroso, don José García Figueroa, ás pretensións do fidalgo e requeriulle «que no le impidiese ni contraviniese las reales órdenes de Su Majestad que estaba cumplimentando». Retrucou o señor de Podente que non había tales ordes e mandoulle o xuíz ao escribán, don Pedro Ramón Fernández Gayoso, que levantara acta deses feitos e desas palabras. Rematada a regueifa e cumprido o ritual, retiráronse os participantes, tratantes e labradores «ricos de bueyes y caballerías, llevándose el mismo crucero y romana»[12].

Foi unha simbólica declaración de guerra. Ao día seguinte, primeiro de xullo de 1790, estourou o primeiro motín. Un «crecido número de personas» asaltaron a berros o posto de cobranza dos dereitos reais, esnaquizaron o banco e os

[9] Ingresos e gastos da casa de Podente no ano 1842, dos que dá conta o seu administrador, Fernando María Navaza, a don Andrés Mosquera y Taboada.

[10] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páxs. 224-225.

[11] Ibídem.

[12] AHN.

tallos, chimparon ao chan o diñeiro que xa se recadara, escorrentaron o gando e mallaron a paus os dependentes de rendas, os gardas, o escribán da xurisdición e incluso o propio correxedor, «persiguiéndoles y poniendo fuego a sus posesiones, profiriendo gritos de que jamás pagarían». Proclamaban os amotinados, «a manera de pregón», que ían queimar todo o lugar da feira, «y que esta siempre fuera y había de ser libre, aunque el rey lo mandase, subponiéndose ellos mismos justicia, bajando el precio del vino y ejecutando otros multiplicados gravosos daños». Nin sequera foi quen de apacigualos o cura párroco de Arada, quen apareceu na feira «con un santo crucifijo, revestido de alba y estola, exhortándolos a que se aquietasen»[13].

Moitas mulleres tomaron parte activa na revolta. Elas sempre tiveran unha destacada presenza na feira. Mentres os homes trataban no gando maior, as mulleres encargábanse de comerciar os bens miúdos que agora, por primeira vez, tamén estaban suxeitos a contribución: unha ducia de queixos, unha niñada de pitos, dúas ou tres libras de manteiga, un saco de centeo ou de castañas... Moitas delas arrepuxéronse e amosáronse dispostas a correr a cantazos os trabuqueiros se estes pretendían cobrar dereitos sobre as madeixas de liño. Manifestaron que non pagarían un maravedí «a menos que se les presentase orden particular del rey, y firmada suya de su propia mano, que dijese *Yo el Rey*, y aun todavía se habían informar bien de ella, pues esto no lo mandaba el rey, sino el administrador de Lugo, Moscoso, y que a este querían allí en persona para que fuese por sí administrar, dando a entender que pagaría por la vida y todos los que con él fuesen»[14].

Máis de 30 testemuños incorporados á causa que se formou na sala do crime da Real Audiencia da Coruña amplían os pormenores daquel «considerable alboroto». Declaran «que se apedrearon las casas de Domingo de Pedreira y Francisco da Vila, que se quemaron los alpendres y tinglados de la citada feria, que se maltrató al juez territorial, y que se han ejecutado otros daños; de manera que con ellos se perturbó el que se celebrase esta, y la cobranza de los derechos reales»[15].

Don Manuel Bernardo de Rivera, astutamente, privouse de acudir á feira, pero agardaba nos arredores, ao pé da pena

de Caracacho –«en donde jamás lo había visto», advirte unha testemuña–, para coñecer o parte de guerra de boca dos paisanos que volvían do mercado. Meses despois, na súa defensa diante da Audiencia, alegaría o fidalgo que el non asistiu á feira «ni ha tenido directo ni indirecto influjo en lo que en ella hubiere acaecido». Pero hai un indicio que delata a súa man: entre o fato de mozos garridos que desfixeron a feira a paus e lume atopábase, ademais de recoñecidos partidarios seus, o seu mordomo e fiel criado Benito de Castro[16].

Ao longo do mes de xullo, vendo que a feira se lle escapa das mans, o fidalgo de Podente deseña un ambicioso plan: proponse trasladala desde a parroquia de Esporiz, que pertencía á xurisdición de Monterroso, á parroquia lindeira de Bidouredo, integrada daquela na xurisdición da Ulloa. En vez do campo da Laxe, pensa ubicala no monte Orgoso, situado a medio camiño entre as aldeas de Bidouredo e Podente. Deste xeito, co cambio de xurisdición, burlaba e amolaba a Facenda real, que quedaba sen feira para cobrar os impostos, e el, que contaba cos seus principais apoios na xurisdición da Ulloa –incluídos o xuíz e o escribán–, podería recuperar os dereitos que lle «usurparan». Talvez o motín do primeiro de xullo xa formaba parte desa calculada estratexia.

Don Manuel Bernardo de Rivera preparou o terreo. Unha carta ao arcipreste da Ulloa, anónima pero escrita pola súa man ou inspirada por el, é ben explítica: «Muy señor mío: la ruina que experimentó la feria de Monterroso, el deseo de la paz y el evitar muchos inconvenientes que pueden acaecer, es la causa de que esta se mude al lugar de Vidouredo, en la jurisdicción de la Ulloa (...), sitio de bastante comodidad. Lo que noticiará vmd. a sus curas párrocos, y estos a sus feligreses, para que todos contribuyan a formar en sus ánimos verdaderos deseos de paz, que espero se alcancen de este modo, como una perfecta seguridad de sus intereses...»[17].

A fins de xullo reproduciuse a curiosa comitiva dun mes antes, presidida pola mesma cruz de madeira e a mesma romana, pero agora con destino en Bidouredo. Seis testemuñas «afirman que el expresado don Manuel Bernardo de Rivera, en la tarde del día 31 de julio, concurrió, y personas de su orden, con el crucero, preparando y formando feria nueva

[13] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páx. 212.

[14] Ibídem, páx. 218.

[15] AHN.

[16] Ibídem.

[17] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páx. 225.

en Orgoso». Ao día seguinte, primeiro de agosto, rexistrouse o segundo motín en Monterroso, protagonizado por «gente que se decía ser de la Ulloa», e houbo varios feridos. Desta volta, o señor de Podente si asistiu á feira no lugar da Laxe e xunto co escribán da Ulloa, Domingo de Penas, «andaban en aquella, solicitando a los tenderos y otras personas transeúntes que fuesen a la de Orgoso, diciendo que allí en Monterroso no había de haber más feria»[18].

Don Manuel Bernado fracasou no intento de mudar de sitio o feirón de Monterroso, pero a mecha da protesta prendeu e as revoltas estendéronse coma un regueiro de pólvora polas principais feiras do país. Case todas as cidades e vilas de Galicia foron axitadas: Orbán, Melide, Arzúa, Betanzos, Vilalba, Mondoñedo, Santiago de Compostela, O Carballiño, Ribadavia, Curtis, Lugo, Chantada, Monforte, Monterrei, Ourense... A corte de Carlos IV alarmouse. As máximas institucións e autoridades da monarquía pensaron nun primeiro intre que a rebelión, que ía durar máis de catro meses, estaba promovida por axentes da Revolución Francesa e que toda Galicia estaba sublevada. «El fuego de la revolución que devoraba a la sazón Francia, se temía podría difundirse en breve en toda Europa; y se creía [que] había en todos los reinos emisarios ocultos para sugerir y hacer valer las ideas trastornadoras de la impiedad y la anarquía. No había fuerza armada en las provincias, llamada toda la tropa al Pirineo»[19].

Nas actas da Junta Suprema de Estado, un embrionario consello de ministros presidido polo conde de Floridablanca, hai numerosas referencias aos «bullicios», «conmociones» e «alborotos» nas feiras de Galicia. En outubro, a Junta ordénalles aos directores xerais de rendas que se absteñan de «exigir derechos algunos en las ferias que hasta aquí se han celebrado en calidad de francas» ata que o rei decida «lo que juzgue más oportuno», procedendo, iso si, «contra los que resultaren motores o cabezas de las inquietudes»[20].

En todas as localidades, os motíns seguían o *modus operandi* deseñado e aplicado na feira de Monterroso. Ducias ou centos de paisanos, armados de paus, presentábanse no lugar do mercado e, «tocando una cierta corneta o instrumento rústico, alborotaban y espantaban el ganado vacuno, de

cerda y caballar, introducían en esto la confusión, y mientras se desparramaban y corrían las gentes a detener y recoger sus animales, descargaban golpes sin piedad sobre los alcabaleros y dependientes de la real hacienda (...), robaban las cajas y administraciones y cometían diferentes tropelías».

O seu triplo berro de guerra, «Viva o Rei! Viva A Ulloa! Morra a Única!», delata a orixe e as motivacións da rebelión. Os amotinados –os seus ideólogos– dicían que non cuestionaban o rei: erguíanse contra os abusos dos cobradores de rendas reais e as reformas tributarias, abusos e reformas supostamente cometidos a costas do monarca. O movemento non era espontáneo, estaba perfectamente organizado. Os rebeldes formaban un pequeno exército profesionalizado. Mozos robustos das xurisdicións de Monterroso e da Ulloa –a «partida da Ulloa»– integraban o seu núcleo estable, había «comandantes» que dirixían as operacións e os partícipes cobraban de mans misteriosas seis reais diarios, o triple do que percibía un xornaleiro na época.

O BISPO QUEVEDO APAGA A REVOLTA

O 22 de novembro, a partida da Ulloa –«sesenta, ciento o más personas del país»[21]– caeu sobre Ourense e tomou a pequena cidade. Os veciños pecharon portas e tendas, a guarnición militar atrincherouse nos cuarteis xunto co correxedor e o administrador de rendas e algúns dos seus dependentes buscaron refuxio no pazo episcopal. Durante toda a noite reinou o terror. Os asaltantes violaron algunhas casas, nas que esixiron comida e diñeiro, liberaron os presos e queimaron o cárcere, e apropiáronse de 3.500 reais das arcas do rei. Retiráronse o día seguinte cara a Allariz, pero anunciando que volverían o día 27 para «vengar agravios». Diante desa ameaza, o bispo don Pedro de Quevedo «fue el único que estas circunstancias trató de sacar a las autoridades y al vecindario de aquel estado de amilanamiento y de estupor»[22].

O día 27, mentres veciños, soldados e seminaristas se aprestaban a defender a cidade, o exército da Ulloa fixo chegar ás autoridades unha novidosa mensaxe: «Su capataz y

[18] AHN.

[19] Cifr. Bedoya, Juan Manuel (1835)

[20] Cifr. Escudero, José Antonio (1979)

[21] Carta do bispo Quevedo ao capitán xeral de Galicia, Martín Cermeño. Cifr. Bedoya, Juan Manuel (1835)

[22] Cifr. Bedoya, Juan Manuel (1835)

comandante significó que iba en tono de paz, y solo a hablar con el señor obispo y el corregidor y sincerarse de la imputación que se les hacía de hurtos y rapiñas en los días anteriores». E así foi. O correxedor facilitoulle un salvoconducto ao comandante Fernando Joanes e este presentouse arrodeado do seu estado maior –«diez y siete hombres armados de palos»– a parlamentar co bispo Quevedo. Joanes entregouse a cambio de obter, para el e os seus homes, o indulto que lles prometía o bispo: «Yo a nombre del rei nuestro señor le aseguro a usted la vida. Yo pediré a su majestad el perdón para usted y todos los de su compañía si ahora mismo los despide usted para sus casas y usted viene a la mía». Como rúbrica do acordo, os 17 leais de Joanes depuxeron as armas, botaron os paus ao chan, axeonlláronse respectuosamente diante do prelado e bicáronlle o anel. A revolta da Ulloa, que durante máis de catro meses mantivo en xaque á coroa, empezou a esluírse nese momento[23].

O «EXCESIVO CELO» DO BISPO DE OURENSE

A partir de aí inicia Pedro de Quevedo frenéticas xestións para cumprir a súa promesa e librar da forca a Fernando Joanes –«excesivo celo», achacaralle o deputado xeral de Galicia– e a todos os partícipes na revolta. O bispo remove Roma con Santiago para conseguir do rei Carlos IV o indulto xeral. Escribe do seu puño e letra a todas as autoridades civís, militares e eclesiásticas do reino, desde o capitán xeral de Galicia ata o inquisidor xeral ou o nuncio do Vaticano, a quen incluso lle suxire a intervención do Papa. Amosa a súa disposición a viaxar á corte para postrarse diante da súa maxestade e amaga con renunciar á mitra se Fernando Joanes é condenado e queda el «cubierto y manchado con la sangre de un infeliz».

O extraordinario celo que pon o bispo por salvar a Fernando Joanes, só en parte explicable por motivacións piadosas e porque deu a súa palabra, contrasta co seu escaso empeño en descubrir as poderosas mans ocultas que moveron os fíos da revolta. Pedro de Quevedo decatouse axiña de

que Joanes, a quen retivo no pazo episcopal –«ni bien preso, ni bien libre; pero con cuidado de que no se fugue»[24]– ata que o capitán xeral esixiu a súa entrega, só era un home de palla. «Hombre de cortísimo talento (...) que no sabe leer ni escribir», mal podía ser el o líder e aínda menos o cerebro da revolta: o infeliz só participou nos motíns postreiros e só exerceu «quince o veinte días» como xefe da partida[25].

Cómpre advertir que o bispo Quevedo compartía cos axitadores, se non o método violento, si as reivindicacións que inspiraban a revolta. Nunha carta dirixida a Carlos IV, datada significativamente dez días antes de que a partida da Ulloa tomase Ourense, escríbelle ao monarca: «Abrumados estos vasallos con tan pesada carga de tributos, no pueden ya llevarla sin la costa de perder sus débiles haciendas y trabajosas vidas». Nesa misiva, exhumada por Fermín Bouza–Brey, quéixase tamén o bispo dos abusos dos dependentes de rendas, suxeitos «nada compasivos [que] pretenden labrar su acierto a costa de rigurosas y atropelladas ejecuciones»[26].

Sospeito tamén que o bispo Quevedo, a quen veremos anos despois combater a Constitución de Cádiz e defender o absolutismo fernandino, coñecía sobradamente a identidade dos promotores, organizadores e financiadores da revolta. Pero nin el quixo ir máis aló nas pescudas da trama, nin o Fernando Joanes se amosou disposto a delatar os notables que o contrataron, aínda que o seu silencio ben lle podía costar a vida. Malia o desinterese do prelado e a amnesia do comandante, hai indicios de que a conspiración naceu en casa grande. E todos eles apuntan que esa casa grande atopábase na dirección de Monterroso.

En primeiro lugar, recoñece Fernando Joanes que el só era un home de palla. O verdadeiro comandante da partida, «el que gobernaba y a quien (...) creyó persona de suposición», facíase chamar Benito Antonio. Era esta «persona de suposición», disfrazada de labrego, quen «suministraba al llamado comandante su sueldo y para los otros compañeros», diñeiro que recibía periodicamente de «un aldeano, que no sabía quien fuese»[27]. Quen viña sendo o tal Benito Antonio? De onde procedían os cartos que lle levaba o misterioso aldeán? En vez de tirar do fío, o bispo liquidou a cuestión nun

[23] Ibídem.

[24] Cifr. De Juana, Jesús (2014).

[25] Ibídem.

[26] Cifr. Bouza-Brey, Fermín (1949)

[27] Cfr. Bedoya, Juan Manuel (1835)

santiamén: supuxo que Benito Antonio non era máis que «un bribón que quiso aparentar con los simples y rústicos ser un personaje» e o diñeiro que recibía para pagar a tropa, mero botín de roubos e extorsións.

Pero a maneira en que foi recrutado Fernando Joanes resulta especialmente significativa. Asturiano e soldado de artillaría, en outubro de 1790 anda pola Coruña tratando de conseguir a licenza absoluta do servizo militar, para non ter que reincorporarse á súa unidade de Sevilla nin ser acusado de desertor. E nisto, «estando en la Coruña, dos hombres que no sabe quiénes fueron y parece se ocupaban ya en alborotar las ferias, le propusieron se viniese con ellos hacia Monterroso; que había ya oído trataban de quitar lo que llamaban la Única, y eran nuevas exacciones contra la voluntad del rey y abuso de los dependientes de rentas, y le darían seis reales diarios y que nada tenía que temer»[28].

Fernando Joanes chegou a Esporiz o 29 ou o 30 de outubro, recibiu as oportunas instrucións –no pazo de Podente?– e incorporouse á partida da Ulloa. Home robusto e intrépido, fixo carreira de contado. Estreouse na feira de Santos de Monterroso e participou na de Chantada o 5 de novembro. Na terceira batalla, en Ribadavia, foi ascendido a comandante «con quince reales diarios que le señaló el que gobernaba»[29] (Benito Antonio). Participou despois, xa como xefe nominal da partida, nos alborotos de Vilanova dos Infantes, Monterrei, Verín e Allariz, ata que o 27 de novembro se entregou ao bispo de Ourense.

Pedro de Quevedo pasou a historia, en boa medida polo panexírico que del fixo Juan Manuel Bedoya, como o home que logrou «la tranquilidad y sosiego de Galicia y sometimiento de los alborotadores de la Ulloa». No entanto, ninguén reparou nunha coincidencia significativa. Ao mesmo tempo que o bispo consegue a rendición de Fernando Joanes, don Manuel Bernardo de Rivera enferma e falece pouco despois no seu pazo de Podente. Sospeito que os achaques de saúde e a desaparición do motor da revolta influíron tanto na resolución do conflito como a intervención do bispo.

Como consecuencia dos motíns foron procesadas unicamente 70 ou 80 persoas: «Cinco en Monterroso, 12 no Car-

balliño, 14 en Chantada, 30 en Compostela, Padrón e outras localidades de Santiago, 17 en varios lugares de Ourense e en Monforte...»[30] Case todas elas serían despois indultadas polo rei, medida de gracia arrincada ao monarca, fundamentalmente, pola teimosía do bispo Quevedo. Afirmaba o prelado que non se podía castigar a «seis u ocho mil gallegos culpados por rusticidad, simpleza e interés. ¿Y cómo se podría pensar en esto y en la ruina de tantas familias?». Os motíns, alegaba o bispo, víronse favorecidos por «las mayores cargas que sufren los pueblos que pagan mucho más generalmente de lo que antes contribuían»[31].

A estratexia do bispo parece evidente. Os motíns protagonizáronos «gentes rústicas». En ningún caso menciona a fidalgos, curas ou persoas notables. O máximo responsable é o asturiano Fernando Joanes, e sobre este pobre home estende o seu manto protector. Na causa aparecerán tamén outros dous «comandantes» da revolta, que curiosamente tampouco son galegos: Félix Varela, «el Valenciano», do que «no se sabe tenga oficio sino el de vago, que va y viene a Castilla y es de genio muy quimérico y mal vecino»[32]; e o zapateiro zamorano Bernabé Rodríguez, «quienes se hicieron seguir de algunos otros naturales del país»[33]. Estos son os chibos expiatorios. Se o bispo consegue o perdón para Joanes, para non quedar el «cubierto y manchado con la sangre de un infeliz», ¿como poderá o rei negarlles o indulto aos demáis tumultuantes? E así foi. Fernando Joanes foi perdoado en 1791 e saiu do cárcere coa obriga de presentarse diante do bispo para agradecerllo. E todos os demais, agás algúns que tiñan outras causas pendentes, saíron da causa limpos como unha patena.

O SEÑOR DE PODENTE, PROCESADO E REHABILITADO

Don Manuel Bernardo de Rivera foi procesado, xunto con algúns dos seus principais partidarios, como o escribán da Ulloa e o procurador xeral Pedro Noguerol. Pero non como instigador da revolta, senón unicamente pola súa controvertida actuación nas feiras de Monterroso. Defendeuse o fidalgo nos derradeiros días da súa vida. Despois, coa causa

[28] Ibídem.

[29] Ibídem.

[30] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páx. 233.

[31] Cifr. Bedoya, Juan Manuel (1835).

[32] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páx. 233-234.

[33] Cifr. Sotelo de Novoa, Antonio Jacinto (1798)

aínda aberta, dous dos seus fillos –Ramón, o primoxénito, e Andrés, cóengo lectoral de Compostela, seguramente próximo ao bispo Quevedo– trataron de rehabilitar a súa memoria e o bo nome da casa de Podente.

Todas as acusacións, alega o señor de Podente, non eran máis que calumnias levantadas polos seus inimigos, que «se propusieron la idea de quererle atribuir, y hacer cómplice, o que tuviera parte en el alboroto que hubo en la feria de Monterroso». Destaca en particular a «astucia y malignidad» de dous homes: José García Figueroa e Pedro Fernández Gayoso, respectivamente xuíz e escribán da xurisdición de Monterroso, con quen mantivo anos atrás un enconado pleito. Advirte que, coa súa idade, preto de 80 anos, «no tiene por lo mismo disposición para contribuir a unos hechos iguales» e que, na súa ancianidade, «cualquier pesadumbre de un golpe traidor e imprevisto será capaz de quitarle la vida». Anota tamén, como proba da súa escasa afinidade cos promotores dos motíns, «el insulto, rompimiento y apedreamiento hecho en su casa la noche del 5 de agosto por los sujetos que causaron el alboroto en la feria»[34].

Numerosas testemuñas –falsarias, segundo os Rivera– declararon en contra do fidalgo, pero tampouco a este lle faltaron apoios nos tribunais. O propio rexente da Real Audiencia, Felipe Díaz de Quijada y Ovejero, escribiu nunha carta: «Todos los que conocen a don Manuel Bernardo Rivera y que saben que es un caballero de los principales de este reino, que siempre se condujo en sus operaciones de un modo el más juicioso, que en todos tiempos ha manifestado su cordura y tranquilidad, no es posible hacerles creer incurriese en semejante cosa como la que quisieron imputarle»[35].

Don Manuel Bernardo de Rivera foi indultado a título póstumo. Pero en ningún momento, nin antes nin despois do proceso, foi acusado directamente de ser o cerebro da revolta. O que máis preto estivo de facelo foi Manuel García Quintana, o xefe en Galicia dos odiados administradores de rendas reais, quen afirmou que «el motor y autor principal de todo, además de algunos ricos de la jurisdición de la Ulloa, escribano de número de esta y otros, es don Manuel Bernardo Rivera»[36]. Abundando máis na súa imputación, chegou

a declarar García Quintana que, «se se tivese enviado unha compañía militar para castigar exemplarmente ós de Monterroso, os alborotos non se terían estendido»[37].

Don Manuel Bernardo foi o último dos Rivera que viviu no seu pazo de Podente. Tras a súa morte, a finais de 1790, o señorío herdouno o seu fillo Andrés Rivera Taboada. Descoñezo que pasou co primoxénito, Ramón de Rivera, que dous anos antes enviuvara de Joaquina Queipo de Llano –irmá do conde de Toreno–, quen faleceu sen sucesión. A Andrés de Rivera, novo señor de Podente, teólogo lectoral e reitor da universidade compostelá, veciño de Santiago, verémolo anos despois, a carón do bispo Quevedo, combater a Constitución de Cádiz e defender o absolutismo fernandino. Non obstante, cando en 1818 morreu Pedro de Quevedo y Quintano, non foi aceptado polo rei Fernando VII cando llo propuxeron como bispo de Ourense. Tal vez aínda estaba a pagar o pecado do seu pai. A monarquía perdoa, pero non esquece.

[34] AHN.

[35] Cifr. Saavedra, Pegerto (1993), páx. 226.

[36] Ibídem, páx. 224.

[37] Ibídem, páx. 219.

¶

ARQUIVOS

–*Archivo Histórico Nacional (AHN): Consejos*, carts. 2919–20. Consultas do autor no AHN, seguindo o ronsel trazado por Pegerto Saavedra.

–*Arquivo Casa Santalla (ACS)*: Documentos da casa de Podente. O autor agradécelle á familia Santalla, en especial a Feliz Carbajal (q.e.p.d.) e a súa filla Mary Carmen Santalla, que lle permitira acceder a tan rica fonte documental.

–*Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL): Catastro do Marqués de Ensenada*. Datos referentes á parroquia de San Miguel Esporiz consultados nos diversos libros do Catastro: Interrogatorio, Personal de Eclesiásticos, Personal de Legos, Real de Eclesiásticos e Real de Legos.

Historias:
Viva o Rei! Viva A Ulloa!
Morra a Única!

¶

BIBLIOGRAFÍA

–Artola, Miguel (1982): *La Hacienda del Antiguo Régimen*. Alianza Editorial, Madrid.

–Bedoya, Juan Manuel (1835): *Retrato histórico del Emm. Excmo. señor D. Pedro de Quevedo y Quintano*. Imprenta que Fue de Fuentenebro, Madrid.

–Bouza–Brey, Fermín (1949): «Carta inédita del obispo de Orense Quevedo y Quintano a Carlos IV sobre tributos en Galicia», en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. 17, fasc. 3.

–De Juana López, Jesús (2014): «El obispo Quevedo y la revuelta gallega llamada 'de la Ulloa' (1790) contra la Contribución Única», en *Studia Historica. Historia Moderna,* nº 36, páxs. 357–377. Ediciones Universidad de Salamanca.

–Escudero, José Antonio (1979): *Los orígenes del Consejo de Ministros en España*. Editora Nacional, Madrid.

–Gómez Alvite, María José (2010): *A Feira de Monterroso*. Concello de Monterroso.

–Murguía, Manuel (1974): *Política y sociedad en Galicia*. Akal Editor, Madrid, páxs. 145–149.

–Saavedra, Pegerto (1989): «Aportación al estudio de las rentas provinciales de la Galicia del Antiguo Régimen», en *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, núm. 4, páxs. 585–622. Santiago.

–Saavedra, Pegerto (1993): *A Facenda real na Galicia do Antigo Réxime*, fundamentalmente o Capítulo IV: «Feiras, rendas provinciais e motíns na Galicia de finais do XVIII». Escola Galega de Administración Pública, Santiago.

–Saavedra, Pegerto (1994): «La resistencia a las reformas de Lerena en Galicia», en *Hacienda Pública*, Rev. 1050, páxs. 135–144.

–Sotelo de Novoa, Antonio Jacinto (1798): *Informe que el Sr. Diputado General del Reyno de Galicia (...) ha dado al Consejo en vista del Expediente General sobre franquicia de Ferias*. Arquivo Histórico Provincial de Lugo (copia facilitada ao autor por María José Gómez Alvite).

–Yebra de Ares, Antonio (1987): *Monterroso. Pasado y presente*. Diputación Provincial, Lugo.

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017